

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA POLO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA EMBARCACIÓN TIPO 49ERFX (EXPEDIENTE 7/2019)

CADRO DE CARACTERÍSTICAS

1. ELEMENTOS DO CONTRATO, ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO E VALOR ESTIMADO

1.1. ELEMENTOS DO CONTRATO

Tipificación, obxecto, necesidades a satisfacer, procedemento de adxudicación e tipo de tramitación

Tipificación do contrato:

A presente contratación tipifícase como contrato administrativo de subministración segundo o disposto no artigo 16 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Obxecto do contrato:

Subministración dunha embarcación tipo 49erFX completa, incluíndo as ferraxes, cabos e elásticos, botalón, apéndices e carro de varada de aluminio 49er.

CPV (Vocabulario común de contratos):

34522000-2: Barcos de recreo y deportivos

CPA (Clasificación de produtos por actividades):

30.12.11: Barcos de vela (excepto os inchables) de recreo ou deportivos, mesmo con motor auxiliar

Código NUTS: ES 11

Necesidades a satisfacer:

Mediante esta proposta preténdese a adquisición dunha embarcación de vela lixeira da clase 49erFX co obxectivo de garantir a preparación dos nosos deportistas de cara a clasificación nos vindeiros Xogos Olímpicos de Tokio 2020.

Actualmente o Centro Galego de Vela dispón de tres embarcacións deste tipo, pero cunha antigüidade que a día de hoxe non son embarcacións competitivas dende o punto de vista do alto nivel xa que o paso dos anos fai que cedan os axustes e os materiais, o que supón una importante perda da velocidade en regata.



O actual deporte de alto nivel esixe dispor dun equipamento que garanta que os deportistas adestren e compitan tamén ao máis alto nivel. Nos vindeiros meses os nosos deportistas deberán enfrontarse a varias regatas clasificatorias para os Xogos Olímpicos, e xurde a necesidade de que tanto a preparación previa como a participación nestas regatas clasificatorias se faga dispoñendo dunha embarcación de nova construción e novo deseño (conforme ás especificacións técnicas internacionais de clase para o barco e apéndices), que garanta poder acadar os niveis de velocidade requiridos para acadar en primeiro lugar a clasificación olímpica e con posterioridade o podio olímpico. Para aumentar estas posibilidades é necesario dispor dunha embarcación á altura do nivel dos deportistas.

Procedemento de adxudicación:

Procedemento aberto simplificado segundo a tramitación establecida no artigo 159.6 da LCSP.

O procedemento licitarase a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), segundo figura especificado no prego de cláusulas administrativas particulares.

Tipo de tramitación:

Ordinaria

Referencia do expediente: 7/2019

1.2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Importe sen IVE	28.925,00 €
IVE	6.074,25 €
Orzamento base de licitación	34.999,25 €

1.3. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

A determinación do prezo realizarase en función dos prezos unitarios que serven de base para cálculo do orzamento base de licitación, co detalle que se indica máis adiante.

O prezo inclúe os gastos do casco, mastro completo, funda casco, funda cuberta, funda foils, carro de varada de aluminio e o transporte ata o Centro Galego de Vela en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Barco 49erFX

O barco debe estar suxeito ás regras de clase vixentes, de acordo coa última modificación publicada por World Sailing o 22 de marzo de 2019 e que figuran como prego de prescricións técnicas (PPT) desta contratación.



O barco e todos os seus apéndices deben cumprir todas as especificacións descritas nas regras de clase e poder competir na Copa do Mundo de vela olímpica, dos mundiais de vela olímpica e nos Xogos Olímpicos de Vela.

Debe ser construído por un dos construtores con licencia da clase internacional 49er e debe cumprir coas seguintes medidas:

- Manga con alas: 2,90 m
- Manga sen alas: 1,69 m
- Eslora: 4,995 m
- Medida do mastro: 7,5 m
- Dimensión vela maior: 13,8 m²
- Dimensión foque: 5,8 m²
- Dimensión spi: 25,1 m²

Desagregación do prezo:

Casco 49erFX	17.005,00 €
Mastro completo FX	7.900,00 €
Funda casco	500,00 €
Funda cuberta	445,00 €
Funda foils	200,00 €
Carro de varada de aluminio	875,00 €
Transporte ata o Centro Galego de Vela en Vilagarcía de Arousa	2.000,00 €
Total orzamento sen IVE	28.925,00 €
21% IVE	6.074,25 €
Total orzamento de licitación con IVE	34.999,25 €

1.4. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Importe total sen IVE:	28.925,00 €
Eventuais prórrogas:	0,00 €
Modificacións previstas:	0,00 €
Total valor estimado (sen IVE):	28.925,00 €

2. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA, ANUALIDADES, LOTES E FINANCIAMENTO

2.1. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA, ANUALIDADES E FINANCIAMENTO

Ano	Aplicación orzamentaria	Financiamento	Total (IVE incluído)
2019	04.40.441A.625.0	Fondos propios	34.999,25 €



2.2. LOTES

División en lotes:

Non procede. Tendo en conta que o obxecto do contrato constitúe a subministración dunha embarcación, considérase que o mesmo constitúe unha unidade funcional indivisible e non susceptible de ser executada de forma separada, polo que, de conformidade co previsto no artigo 99.3 da LCSP, a natureza do obxecto do contrato non permite a súa segregación en lotes.

3. PRAZO DE EXECUCIÓN

Prazo de execución do contrato:	O prazo de entrega da embarcación será de 30 días a contar dende a data de formalización do contrato.
Prazos de execución parcial (no seu caso):	Non
Prórroga:	Non

4. PRAZO DE GARANTÍA

Prazo	2 anos
-------	--------

5. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN E HABILITACIÓN EMPRESARIAL

5.1. OBRIGA DE ACREDITAR SOLVENCIA

Segundo o artigo 159.6.b) da LCSP, nos contratos de subministración de valor estimado inferior a 35.000,00 € eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica, financeira, e técnica ou profesional.

5.2. CONCRECIÓN DAS CONDICIÓNNS DE SOLVENCIA

Dada a natureza do contrato e as características do seu obxecto, non procede esixir un compromiso de adscrición de medios persoais e materiais á execución do contrato.

5.3. CLASIFICACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 77.1.c) da LCSP, non será esixible a clasificación.

5.4. HABILITACIÓN EMPRESARIAL OU PROFESIONAL ESIXIDA

A embarcación está suxeita ás regras de clase vixentes publicada por World Sailing o 22/03/2019 e debe ser construído por un dos construtores con licencia da clase internacional 49er.

6. REVISIÓN DE PREZOS

Atendendo ao regulado polo artigo 103 LCSP non procede a revisión de prezos



7. GARANTÍAS

7.1 GARANTÍA PROVISIONAL

De conformidade co establecido no artigo 159.4.b) da LCSP, non procede a constitución da garantía provisional.

7.2 GARANTÍA DEFINITIVA

De conformidade co establecido no artigo 159.6.f), non se require a constitución da garantía definitiva

7.3 GARANTÍA COMPLEMENTARIA

Non se esixe

8. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

8.1 LUGAR

A documentación indicada no apartado 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, presentarase nun único sobre ou arquivo electrónico a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) no seguinte enderezo:

www.conselleriadefacenda.es/silex

8.2 PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O prazo para presentación de proposicións será o sinalado no anuncio de licitación que se publicará no perfil do contratante.

O anuncio de licitación publicarase na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia á que se accede a través da paxina web: www.contratosdegalicia.gal.

A publicidade dos anuncios de licitación é gratuíta.

9. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES OU MELLORAS. PRESENTACIÓN DE MOSTRAS

9.1. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES OU MELLORAS

Non se admiten

9.2. PRESENTACIÓN DE MOSTRAS

Non se esixen



10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS

10.1 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

As ofertas valoraranse segundo os seguintes criterios de puntuación avaliados de forma automática, ata a suma total máxima de 100 puntos:

A) OFERTA ECONÓMICA: ata 80 puntos

As proposicións económicas admitidas puntuaranse entre 0 e 80 puntos, outorgándose 0 puntos ás ofertas que igualen o valor estimado do contrato e a máxima puntuación á mellor oferta, de acordo coa fórmula e os criterios que de seguido se indican, tendo en conta que todos os valores numéricos se redondearán aritmeticamente ao segundo decimal:

$$V_i = 80 \times \frac{PL - O_i}{PL - O_{FAV}}$$

sendo:

V_i = puntuación da proposición a valorar

PL = valor estimado do contrato

O_i = proposición a valorar

O_{FAV} = mellor oferta

Serán inadmitidas na súa totalidade as proposicións nas que se oferte un prezo superior ao orzamento base de licitación.

O prezo da embarcación inclúe os gastos de xestión de compra, de preparación e de entrega, no Centro Galego de Vela en Vilagarcía de Arousa.

Os licitadores deberán indicar na súa proposición a marca, modelo e denominación comercial do nivel de acabado da embarcación ofertada, segundo o modelo que figura como Anexo III deste prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (modelo de proposición económica).

B) REDUCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA: ata 20 puntos

As proposicións admitidas puntuaranse entre 0 e 20 puntos, outorgándose 0 puntos ás ofertas que igualen o prazo establecido no punto 3 deste cadro de características e a máxima puntuación á mellor oferta presentada calculando as restantes ofertas mediante unha regra de tres.

10.2. PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS

As proposicións económicas terán a consideración de ofertas anormalmente baixas en relación ao prezo nos seguintes supostos:



1. Cando, concorrendo un so licitador, a súa proposición sexa inferior ao valor estimado do contrato en máis de 20 unidades porcentuais.

2. Cando concorran dous ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas.

Aos efectos de establecer esta media terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada anormalmente baixa de acordo cos anteriores criterios, darase audiencia ao licitador que a presentara de conformidade co disposto no artigo 149 do LCSP para que, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que envíe a comunicación que se realizará por medios electrónicos ou telemáticos, presente e xustifique a valoración da oferta e precise as súas condicións.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

11. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓNS NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS

Os elementos que se terán en conta para o proceso de valoración en caso de empate entre as ofertas presentadas figuran na cláusula 6.6 do PCAP.

12. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

12.1. CESIÓN DO CONTRATO

Permítese nas condicións definidas na cláusula 10.2 do PCAP.

12.2. SUBCONTRATACIÓN

Permítese a subcontratación nas seguintes condicións:

- O contratista poderá subcontratar a execución do contrato con terceiros nas condicións definidas na cláusula 10.2 do PCAP e no artigo 215 da LCSP.

- O contratista deberá cumprir coas obrigas relativas ao pagamento aos subcontratistas e subministradores establecidas polo artigo 216 da LCSP. No caso de demora no pago, o subcontratista ou subministrador terá dereito aos intereses de demora e á indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se



establecen medidas de loita contra a morosidade nas relacións comerciais.

- O contratista deberá cumprir coas obrigas relativas á comprobación dos pagos a subcontratistas e subministradores relacionadas no artigo 217.1 da LCSP.

13. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Aos efectos do previsto no artigo 202 da LCSP, terán a consideración de condicións especiais de execución do contrato o cumprimento das obrigas en materia de subcontratación ás que se refiren os artigos 215.2 e 217.1 da LCSP.

O incumprimento desta condición especial poderá dar lugar á imposición de penalidades previstas no apartado seguinte deste cadro de características. Cando por esta causa as penalidades impostas superen o límite establecido no citado apartado deste cadro, dito incumprimento poderá ser considerado como causa de resolución do contrato.

14. PENALIDADES ESPECÍFICAS

1. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento dos prazos totais ou parciais, a Administración atendidas as circunstancias do caso, poderá impoñer as penalidades previstas no artigo 193 da LCSP, sen prexuízo da facultade de resolver o contrato de conformidade co establecido nos artigos 193 e 195 da LCSP.

2. Cando o contratista incorra nun suposto de cumprimento defectuoso ou de incumprimento parcial do contrato, o órgano de contratación poderá impoñer ao contratista unha penalidade dun 1% do prezo do contrato, IVE excluído. Se o órgano de contratación estimase que o incumprimento pode ser cualificado como grave ou moi grave, poderá impoñer unha penalidade de ata un 3% e un 5%, respectivamente. Para a cualificación do incumprimento e a gradación da penalidade, estarase aos criterios establecidos na cláusula 9.8.2 do PCAP.

3. O incumprimento das obrigas en materia de subcontratación indicadas no apartado 12 deste cadro de características poderá dar lugar á imposición das penalidades seguintes:

a) O incumprimento da obriga de remisión da documentación poderá dar lugar á imposición dunha penalidade de ata un 5% do prezo do subcontrato (IVE excluído).

b) O incumprimento das obrigas de pagamento a subcontratistas e subministradores poderá dar lugar á imposición dunha penalidade por un importe que como mínimo será equivalente ás cantidades pendentes de pagamento a subcontratistas e subministradores, ata un máximo do 10% do prezo do subcontrato (IVE excluído).

Cando motivadamente o órgano de contratación cualifique o incumprimento como grave ou moi grave, a penalidade poderá alcanzar ata un 25%, ou ata un 50%, respectivamente, do prezo do subcontrato, IVE excluído. Para a cualificación do incumprimento e a gradación da penalidade, estarase aos criterios establecidos na cláusula 9.8.2 do PCAP.



15. PAGAMENTO DO PREZO E FACTURACIÓN

15.1. PAGAMENTO DO PREZO

O pagamento do prezo realizarase tras a comprobación, pola persoa responsable do contrato da conformidade das prestacións executadas de acordo co establecido no PCAP e no prego de prescricións técnicas e nas condicións ofertadas pola empresa adxudicataria, unha vez presentada a correspondente factura nos termos establecidos na Disposición Adicional 32ª da LCSP.

15.2. FACTURACIÓN

Levarase a cabo de acordo co establecido na cláusula 9.7.2 do PCAP.

16. LUGAR DE ENTREGA

A entrega da embarcación por parte da empresa adxudicataria realizarase no lugar da Comunidade Autónoma de Galicia determinado pola Secretaría Xeral para o Deporte

17. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Permítese nas condicións definidas na cláusula 10.1 do PCAP.

18. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Aos efectos de aplicación do artigo 211 da LCSP, serán consideradas causas de resolución, ademais das sinaladas na cláusula 12.4 do PCAP, os incumprimentos de obrigas esenciais seguintes:

- a) A vulneración polo adxudicatario das obrigas e limitacións que o presente prego e o artigo 214 da LCSP lle impón en materia de cesión de contratos.
- b) A reiterada obstrución ou falta de colaboración por parte do contratista para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas á Administración no prego de cláusulas administrativas particulares, previamente advertidas por escrito.
- c) O incumprimento da oferta presentada polo adxudicatario no procedemento de licitación. A apreciación do incumprimento requirirá a previa advertencia escrita ao contratista.
- d) O incumprimento polo contratista do deber de gardar sigilo a que se refire a cláusula 9.7.6 do PCAP, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios estean relacionados co obxecto do contrato e aos que chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.
- e) Para aquela empresa que resulte adxudicataria en virtude da aplicación dos criterios de desempate relativos á discapacidade dos traballadores ou á igualdade, será causa de resolución o incumprimento da obriga esencial de manter os requisitos determinantes da aplicación dos ditos criterios durante todo o prazo de execución do contrato.



f) O incumprimento das obrigas en materia de subcontratación ás que se refiren os artigos 215.2 e 217.1 da LCSP poderá ser considerado polo órgano de contratación como causa de resolución do contrato cada vez que as penalidades impostas por dito incumprimento de conformidade co previsto no apartado 18 deste cadro superen un múltiplo do 10% do prezo do contrato principal, IVE excluído.

19. RECEPCIÓN DO CONTRATO

Segundo as condicións definidas na cláusula 12.2 do PCAP.

20. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA (Plataforma Notifi@)

As notificacións aos licitadores realizaranse a través do Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia.

21. INFORMACIÓN DE CARÁCTER CONFIDENCIAL

De conformidade co disposto na cláusula 6.1.2 do PCAP os licitadores deberán identificar a información e/ou documentación incluída na súa oferta que ten a consideración de "confidencial". Esta circunstancia deberá reflectirse na declaración complementaria do Anexo II e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, á marxe do mesmo ou de calquera outra forma visible.

En canto ao tratamento da información declarada como confidencial, estarase ao disposto na cláusula 6.1.2 do PCAP.

22. INFORMACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

- Órgano de Contratación: Secretaría Xeral para o Deporte,
- Unidade que tramita o expediente: Subdirección Xeral de Xestión Deportiva
- Responsable do contrato: Servizo de Contratación e Xestión Económica

Consultas Administrativas

Subdirección Xeral de Xestión Deportiva
Servizo de Contratación e Xestión Económica

Teléfonos: 881 99 63 49 - 881 99 63 52

Fax: 881 99 63 56

Correo-e: contratacion.deportes@xunta.gal

CONSULTAS TÉCNICAS

Subdirección Xeral de Plans e Programas
Técnico Deportivo

Teléfono: 881 99 63 65

